

Orde do 30 de decembro de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2026 das axudas para estudos e investimentos vinculados á conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural e á sensibilización ecolóxica na Rede Natura 2000, nos Parques Naturais e nas Reservas da Biosfera de Galicia, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 en Galicia, en réxime de concorrência competitiva (código de procedemento MT814B).

A conservación do patrimonio natural e da biodiversidade constitúe un obxectivo fundamental na xestión ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia, cuxo marco normativo se apoia na lexislación europea, estatal e autonómica. Neste texto, a Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestre, creou unha rede ecolóxica europea denominada Natura 2000 que constitúe un instrumento fundamental da política da Unión Europea en materia de conservación da biodiversidade. A Rede Natura 2000 está composta polos lugares de importancia comunitaria (en diante, LIC), ata a súa transformación en zonas especiais de conservación (en diante, ZEC), polas ditas ZEC e polas zonas de especial protección para as aves (en diante, ZEPA). En Galicia, a superficie incluída na Rede Natura 2000 supón preto do 12 % do territorio da Comunidade Autónoma.

Mediante o Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, declaráronse ZEC os 59 LIC existentes na Comunidade Autónoma e aprobouse o seu correspondente instrumento de xestión: O Plan Director da Rede Natura 2000, que inclúe os obxectivos de conservación dos lugares e as medidas apropiadas para mantelos nun estado de conservación favorable. Para isto, o plan clasifica as ZEC e ZEPA en tres grupos de tipoloxía afín: a) área litoral, b) zonas húmidas e corredores fluviais, e c) área de montaña, agrupando os obxectivos e medidas propostas en distintas prioridades para cada un destes grupos. Todos os espazos Natura 2000 intégranse na Rede galega de espazos protexidos conforme ao establecido no artigo 31 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e biodiversidade de Galicia.

Paralelamente, os Parques Naturais, están definidos como áreas naturais pouco transformadas polas actividades humanas que, en razón da beleza dos seus sitios, da representatividade dos seus ecosistemas ou das singularidades da súa flora, fauna ou formacións xeomorfolóxicas, posúen uns valores ecolóxicos, estéticos, educativos ou científicos cuxa conservación merece unha atención preferente, conforme á Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, e á Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia. Cabe destacar que a dita Lei 5/2019, no seu artigo 11, prevé a posibilidade de outorgar axudas que contribúan á conservación e ao aproveitamento sustentable dos espazos naturais protexidos e da biodiversidade.

Na actualidade, Galicia conta con seis Parques Naturais declarados: Baixa Limia-Serra do Xurés, Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, Fragas do Eume, Monte Aloia, O Invernadeiro e Serra da Enciña da Lastra. Todos os Parques Naturais contan con plans de ordenación dos recursos naturais (PORN), e estes instrumentos constitúen un límite para calquera outro instrumento de ordenación territorial ou física. Tanto nos decretos de declaración dos Parques Naturais como nos decretos de aprobación dos instrumentos de ordenación establécese a necesidade e o deber de conservación dos



valores naturais das zonas declaradas, e está prevista a creación de diferentes liñas de incentivación que permitan compatibilizar a preservación da biodiversidade co necesario desenvolvemento das zonas declaradas.

Ademais, as Reservas da Biosfera, recoñecidas internacionalmente no marco do Programa sobre persoas e biosfera (programa MaB) da Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (en diante, UNESCO), constitúen territorios destinados a harmonizar a conservación da diversidade biolóxica e cultural co desenvolvemento económico e social a través da relación das persoas coa natureza.

A Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, no seu artigo 50 inclúe, dentro das áreas protexidas por instrumentos internacionais, as Reservas da Biosfera declaradas pola UNESCO. Engade, ademais, que o seu réxime de protección será o establecido nos correspondentes convenios e acordos internacionais, sen prexuízo da vixencia de réximes de protección, ordenación e xestión específicos cuxo ámbito territorial coincida total ou parcialmente coas devanditas áreas, sempre que estean de acordo co previsto nos instrumentos internacionais. De maneira máis específica, nos artigos 68 e 69 do capítulo I do título IV desta lei régulase a Rede española de Reservas da Biosfera como un subconxunto definido e recoñecible da Rede mundial de Reservas da Biosfera. No seu artigo 70 recóllense as características que deben ter as Reservas da Biosfera para a súa integración e mantemento como tales.

No caso concreto da Comunidade Autónoma de Galicia e mediante o Decreto 95/2017, do 21 de setembro, créase a Rede de Reservas da Biosfera de Galicia, en prol de facilitar a consecución dos fins destas reservas mediante o intercambio de experiencias e coñecementos. Forman parte desta rede as sete Reservas da Biosfera que teñen o territorio na Comunidade Autónoma: Terras do Miño (Lugo), Área de Allariz (Ourense), Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (Lugo), As Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo (A Coruña), Río Eo, Oscos e Terras de Burón (Lugo, compartindo territorio co Principado de Asturias), Gerês-Xurés (Ourense, trasfronteiriza con Portugal) e Ribeira Sacra, Serras de Oribio e Courel (Lugo, compartindo territorio con Ourense).

O Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, sinala no seu artigo 13 que a Dirección Xeral de Patrimonio Natural (DXPN, en diante) exercerá as competencias e funcións atribuídas á consellería en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e dos seus elementos etnográficos e a súa preservación para as xeracións futuras.

O regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021, polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da política agrícola común financiada con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) e ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER, en diante), e polo que se derrogan os regulamentos (UE) 1305/2013 e (UE) 1307/2013, establece as normas que regulan os obxectivos xerais e específicos que deben perseguirse coa axuda da Unión financiada no marco da política agrícola común, os tipos de intervencións e requisitos comúns para que os Estados membros persigan os ditos obxectivos, así como os plans estratéxicos da PAC que deben elaborar os Estados membros, e que establecen as metas, as condicións das intervencións e a asignación dos recursos financeiros, de conformidade cos obxectivos específicos e as necesidades recoñecidas.



Neste contexto e mediante a Decisión de execución da Comisión, do 31 de agosto de 2022, aprobouse o Plan estratéxico da PAC 2023-2027 (en diante PEPAC) de España para a axuda da Unión financiada polo FEAGA e o FEADER (CCI: 2023ES06AFSP001), modificada en última instancia mediante a Decisión de Execución da Comisión C (2025) 5713 final, do 14 de agosto de 2025.

No marco da intervención 6871, Inversións non produtivas en servizos básicos no medio natural, prevese que as comunidades autónomas poidan levar a cabo investimentos e actuacións non produtivas que contribúan a mellorar os servizos públicos con repercusións favorables no medio ambiente. Todo isto co obxectivo de contribuír a deter e reverter a perda de biodiversidade, potenciar os servizos ecosistémicos e conservar os hábitats e as paisaxes. No caso concreto da CCAA de Galicia recóllese o posible financiamento de Investimentos en áreas incluídas na Rede Natura 2000.

O réxime xeral das axudas e subvencións na nosa comunidade autónoma establécese nas disposicións básicas da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A nivel regulamentario, a normativa principal está representada polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Esta orde cumpre coas esixencias da citada normativa.

De acordo co anteriormente exposto, respectando os contidos da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, en concordancia co disposto no artigo 27.15 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das atribucións que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras que figuran no anexo I polas cales se rexerá a convocatoria de subvencións da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, para actuacións que promovan a conservación e valorización do patrimonio natural e cultural da Rede Natura 2000, dos Parques Naturais e das Reservas da Biosfera de Galicia (código de procedemento MT814B).
2. Así mesmo, a través desta orde convócanse as devanditas subvencións para o exercicio orzamentario do ano 2026, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrência competitiva.

Artigo 2. *Financiamento e distribución do crédito.*

1. Esta orde financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias do código de proxecto 202400013 dos orzamentos da DXPN por un importe de 1.870.000 euros, coa distribución para o ano 2026 repartida en dúas liñas, segundo se indica na táboa que segue:

Aplicación orzamentaria	Importe 2026	
	Liña 1	Liña 2



06.04.541B.760.0	50.000 €	900.000 €
06.04.541B.770.0	-	60.000 €
06.04.541B.780.0	-	172.000 €
06.04.541B.781.0	50.000 €	638.000 €
TOTAIS	100.000 €	1.770.000 €

2. As axudas destínanse a actuacións previstas na intervención 6871, inversións non produtivas en servizos básicos no medio natural, do PEPAC 2023-2027 de España, e están financiadas polo FEADER nun 80 %, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación nun 16 % e a Xunta de Galicia nun 4 %.

Artigo 3. *Contía da subvención.*

1. Concederase o 100% do seu custo subvencionable, cun importe máximo establecido do seguinte xeito:

As administracións públicas e as entidades asociativas que sexan órganos de xestión dalgunha das Reservas da Biosfera de Galicia: 25.000 €/proxecto.

Os concellos e as entidades locais menores incluídas total ou parcialmente nalgún dos Parques Naturais de Galicia, que leven a cabo actuacións no parque ou en zonas limítrofes fóra deste pero localizadas en parroquias incluídas parcialmente no Parque Natural: 20.000 €/proxecto.

Os concellos e as entidades locais menores incluídas total ou parcialmente na Rede Natura 2000 de Galicia, que leven a cabo actuacións nestes espazos ou en zonas limítrofes fóra deles pero localizadas en parroquias incluídas parcialmente na Rede Natura 2000: 15.000 €/proxecto.

As empresas que teñan o seu domicilio fiscal nalgún dos municipios galegos nos que se sitúe un Parque Natural, constituídas con anterioridade á publicación desta convocatoria de axudas, que leven a cabo actuacións no parque ou en zonas limítrofes fóra deste pero localizadas en parroquias incluídas parcialmente no Parque Natural: 10.000 €/proxecto.

As asociacións ambientais sen ánimo de lucro, incluídas aquelas que teñan asinadas acordos de custodia do territorio con persoas físicas ou xurídicas, e as comunidades de montes veciñais en man común, que leven a cabo actuacións en terreos incluídos nun Parque Natural: 10.000 €/proxecto.

As persoas físicas que leven a cabo actuacións en terreos incluídos nun Parque Natural: 10.000 €/proxecto.

As asociacións ambientais sen ánimo de lucro, incluídas aquelas que teñan asinadas acordos de custodia do territorio con persoas físicas ou xurídicas, e as comunidades de montes veciñais en man común, que leven a cabo actuacións na Rede Natura 2000 ou en zonas limítrofes fóra desta pero localizadas en parroquias incluídas parcialmente na Rede Natura 2000: 6.000 €/proxecto.

As persoas físicas que leven a cabo actuacións na Rede Natura 2000 ou en zonas limítrofes fóra desta pero localizadas en parroquias incluídas parcialmente na Rede Natura 2000: 6.000 €/proxecto.



2. Só se admitirá unha solicitude de axuda e un único proxecto por persoa física/xurídica solicitante, excepto para as solicitudes ao amparo da liña 1, na que so se admitirá unha solicitude de axuda e un único proxecto por cada reserva da biosfera.

Artigo 4. *Lugar e prazo de presentación de solicitudes.*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado (Anexo II) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas ou entidades interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

De acordo co artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ao amparo deste procedemento establécese a obriga tamén para as persoas físicas de relacionarse coa administración a través de medios electrónicos, dado que as actuacións elixibles nesta convocatoria implican unha capacidade técnica suficiente por parte do promotor das mesmas.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e irán dirixidas á Subdirección Xeral de Espazos Naturais da DXPN da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Para estes efectos, entenderase como último día de prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houbese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

3. A sede electrónica da Xunta de Galicia permite as persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada.

Artigo 5. *Documentación complementaria.*

1. As persoas ou entidades interesadas deberán achegar coa solicitude (Anexo II) a documentación indicada nas bases da convocatoria (artigo 11 do Anexo I), segundo lle sexa de aplicación.

2. As solicitudes (Anexo II) que no momento da súa presentación non veñan acompañadas da memoria técnica elaborada de acordo ao establecido no Anexo III e coa totalidade dos seus contidos mínimos desenvolvidos (artigo 11.1.b. do Anexo I), serán automaticamente inadmitidas.

Artigo 6. *Comprobación de datos.*

DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL
Edificio Administrativo de San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
dxpn.cmatv@xunta.gal
www.xunta.gal



1. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña a súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) NIF da entidade solicitante
- c) DNI ou NIE da persoa representante.
- d) NIF da entidade representante.
- e) Datos de residencia con data da última variación padroal.
- f) Certificación da titularidade do inmovible ou parcela.
- g) Certificado de estar ao día do pago coa Seguridade Social.
- h) Certificado de estar ao día do pago coa Consellería de Facenda e Administración Pública.
- i) Certificado de estar ao día nas obrigacións tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- j) Consulta de concesións ampliado.
- k) Consulta de axudas do Estado.
- l) Consulta de inhabilitación para obter subvencións e axudas.
- m) Imposto de Actividades Económicas (IAE).

2. Consultaranse, ademais, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle son de aplicación as seguintes circunstancias que acredita o documento correspondente:

- a) No caso das comunidades de montes, certificado da persoa secretaria da entidade que acredite a posesión dos estatutos en regra, figurando a composición da xunta reitora actualizada.
- b) No caso de asociacións ambientais e de custodia do territorio, inscrición no Rexistro de Asociacións.
- c) No caso de explotacións agrícolas, a súa inscrición no REAGA.
- d) No caso de explotacións gandeiras, a súa inscrición no REGA.

3. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro habilitado no formulario correspondente e achegar os documento. Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

4. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 7. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes.



Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar trala presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 8. *Aceptación, anticipo e renuncia.*

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, as persoas beneficiarias disporán de dez (10) días hábiles para a súa aceptación desde a notificación desta, ante a Dirección Xeral de Patrimonio Natural; transcorrido este prazo sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

2. A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao disposto no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e solicitarse mediante o modelo establecido no Anexo IV. No caso de que se comunique a renuncia en prazo, a persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1 da mesma lei.

3, Poderase solicitar o abono dun único pago anticipado (Anexo V) de acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 63, 65 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita lei.

4. Os pagamentos anticipados suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo a actuación subvencionada nos casos en que o gasto aínda non estea realizado. Este pagamento quedará suxeito ás seguintes condicións:

a) O anticipo non poderá superar o 50% da axuda concedida, de acordo ao previsto no artigo 44.3 Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello do 2 de decembro de 2021 sobre o financiamento, a xestión e o seguimento da política agrícola común e polo que se derroga o Regulamento (UE) nº 1306/2013.

b) A persoa beneficiaria deberá solicitalo por escrito ante a Dirección Xeral de Patrimonio Natural nun prazo de dez (10) días contados desde o seguinte ao de notificación da resolución de concesión da axuda, no que se deberá indicar o conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para esta mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

5. As persoas beneficiarias dos anticipos deberán acreditar que se atopan ao corrente do pago das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

En todo caso, o pagamento do anticipo quedará supeditado á constitución da garantía correspondente, segundo se establece no artigo 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Coa solicitude de anticipo presentarase resgardo orixinal do depósito da garantía na Caixa Xeral de Depósitos ou modelo 790 de constitución de depósitos e garantías, de ser o caso.

Artigo 9. *Prazo de execución, xustificación e solicitude de pago da subvención.*



1. A persoa ou entidade beneficiaria deberá solicitar o pago da cantidade pendente non anticipada correspondente á convocatoria do ano 2026 (Anexo VI) unha vez executada e xustificada a actividade. Ademais, deberán achegar xunto coa solicitude do pagamento a documentación indicada nas bases da convocatoria (artigo 19 do Anexo I), segundo lle sexa de aplicación.
2. Só se admitirán aqueles gastos efectivamente realizados e pagados entre a data de emisión da acta de non inicio recollida no artigo 6 das bases reguladoras ou, no seu caso, da presentación da declaración responsable recollida nese mesmo artigo, e o 2 de outubro de 2026.
3. Cando concorran causas alleas á vontade da persoa beneficiaria debidamente xustificadas, a dita persoa poderá solicitar, cunha antelación mínima dun (1) mes ao vencemento do prazo establecido, a ampliación do dito prazo por ata un máximo dun (1) mes.

Artigo 10. *Transparencia e bo goberno.*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 11. *Base de datos nacional de subvencións.*

1. En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

2. A BDNS cederá información ao Sistema de fondos europeos, segundo as previsións contidas na normativa europea e nacional que resulte de aplicación.

Artigo 12. *Recursos.*

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderanse interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

1. Recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



2. Recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición adicional primeira. *Marco programático da resolución.*

As axudas reguladas nesta Orde forman parte do PEPAC 2023-2027, polo que a presente convocatoria e as súas bases deben axustarse ao contido do Plan.

Disposición adicional segunda. *Tratamento da información e traballos.*

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático poderá reproducir, almacenar e distribuír por calquera medio, electrónico, en soporte papel ou outros semellantes, a información obtida e os traballos subvencionados mediante esta orde de convocatoria de axudas, citando as fontes das persoas titulares dos dereitos de propiedade intelectual respectando, en todo caso, as prescricións contidas na normativa de protección de datos de carácter persoal.

Disposición adicional terceira. *Tramitación anticipada de expediente de gasto.*

Esta orde tramítase de acordo co establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, quedando condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2026.

No caso de que, atendidas as solicitudes presentadas nesta convocatoria, haxa un remanente de crédito, poderase reabrir o prazo, tantas veces como se considere oportuno, ata esgotar a consignación orzamentaria, por orde publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición adicional cuarta. *Criterios de selección de operacións.*

Os criterios de selección de operacións a aplicar nesta convocatoria están condicionados á súa aprobación pola Autoridade de Xestión rexional do PEPAC, previa consulta ao do Comité de Seguimento.

Disposición derradeira primeira. *Delegación de competencias.*

Delegase na persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural a competencia para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde.

Así mesmo, deléganse na persoa titular da DXPN as facultades relativas aos procedementos de reintegro sinaladas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento.*

Facúltase á persoa titular da DXPN para ditar, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para o cumprimento do establecido nesta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2025

Ángeles Vázquez Mejuto

Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático



ANEXO I. Bases reguladoras.

Artigo 1. *Obxecto e finalidade.*

1. O obxecto destas bases reguladoras é establecer o réxime de axudas dirixidas a promover a conservación e valorización do patrimonio natural e cultural da Rede Natura 2000, dos Parques Naturais e das Reservas da Biosfera de Galicia.

2. A finalidade das axudas reguladas nestas bases é a de contribuír a deter e inverter a perda de biodiversidade, potenciar os servizos ecosistémicos e conservar os hábitats e as paisaxes, contribuíndo á consecución dos obxectivos recollidos na Intervención 6871. Inversións non produtivas en servizos básicos no medio natural - subintervención GAL6871_01 – Axudas en espazos naturais, incluída no PEPAC 2023-2027.

Artigo 2. *Actuacións subvencionables.*

1. Poderán ser obxecto das axudas previstas nestas bases as seguintes actuacións:

1.1. Actuacións dirixidas á conservación, restauración e mellora da biodiversidade, especialmente no caso de hábitats, especies e espazos protexidos, así como aquelas actuacións que teñan un impacto favorable na mitigación e/ou adaptación ao cambio climático

1.1.1. Actuacións para a restauración de ecosistemas naturais e conservación do patrimonio natural.

1.1.2. Actuacións de control e eliminación de especies exóticas invasoras ou especies alóctonas con carácter invasor e/ou restauración da vexetación característica do espazo, incluíndo aquelas actuacións posteriores que eviten o rebrote ou similar.

1.1.3. Accións para a redución e mitigación dos impactos sobre a fauna derivados das actividades humanas (como poden ser investimentos destinados especificamente a reverter a tendencia demográfica de declive que presentan as poboacións de aves ligadas a medios agrarios nalgunhas zonas; mellora das áreas de cría, etc.).

1.1.4. Accións para a protección do solo como actuacións para o tratamento da vexetación, restauración da cobertura vexetal, actuacións de sementeira tradicional en hábitats agrarios, restauración hidrolóxico-forestal, etc.

1.1.5. Realización de inventarios/estudios sobre o seguimento e estado de conservación das especies de flora e fauna e os seus hábitats.

1.1.6. Campañas de concienciación ambiental e actividades de información e sensibilización para a conservación dos espazos protexidos e da biodiversidade (charlas, xornadas informativas, exposicións, actividades interactivas, etc).

1.1.7. Actuacións dirixidas á mellora da conectividade ecolóxica de especies de flora e fauna, como aquelas accións que favorezan a creación e restauración de accesos e vías de conectividade no medio natural (como poden ser as vías pecuarias), eliminación ou permeabilización de barreiras e modificación de estruturas existentes para permitir o desprazamento entre zonas que alberguen hábitats ou poboacións



afectadas pola fragmentación, así como outro tipo de infraestrutura verde para mellorar a conectividade (zonas de ecotono, creación de biotopos, barreiras vexetais, bosquetes en lindes de cultivo intensivo, etc.).

1.1.8. Actuacións que favorezan a xestión das Reservas da Biosfera, mediante actuacións de apoio técnico para a planificación e xestión destes espazos (só para a liña 1).

1.2. Actuacións dirixidas á conservación e recuperación de elementos históricos, patrimoniais ou culturais representativos ou precisos para o mantemento da paisaxe agraria, cultural ou etnográfica tradicional.

Inversións para a conservación de elementos da paisaxe, especialmente as que xeren un impacto positivo na biodiversidade ou na conservación de elementos construtivos tradicionais (hórreos, muros de pedra, colmeas, fontes, pallozas, muíños, alvarizas, terrazas de pedra, bancais...).

1.3. Actuacións de creación e mellora de infraestruturas de xestión e ordenación de usos recreativos, incluíndo investimentos para uso público.

1.3.1. Actuacións de creación, restauración ou adecuación de rutas, sendas e camiños rurais ou de accesos a fincas, relacionados coa posta en valor do uso público do espazo protexido.

1.3.2. Actuacións de creación ou mellora da sinalización orientativa, informativa ou interpretativa do espazo protexido. Deberán de seguirse as pautas establecidas no manual corporativo de sinalización turística da Xunta de Galicia e, para as actuacións no ámbito dos Parques Naturais, a creación ou mellora da sinalización realizárase en consonancia co establecido nos plans reitores de uso e xestión (PRUX) de cada Parque Natural.

1.3.3. Actuacións de creación, restauración ou adecuación de miradoiros e áreas recreativas, relacionados con melloras de uso público do espazo protexido, instalados en todo caso en zonas de baixo impacto para a flora e fauna.

1.3.4. Actuacións de creación, restauración ou adecuación de centros de interpretación da natureza, *hides* de observación, espazos para a educación ambiental, etc.

1.3.5. Actuacións de creación ou mellora de aparcadoiros disuasorios na zona II ou III da Rede Natura 2000, en núcleos rurais ou en zonas limítrofes fóra da Rede Natura 2000 pero localizadas en parroquias incluídas parcialmente nesta; e nas zonas de uso xeral ou compatible dos Parques Naturais ou zonas limítrofes fóra do parque pero localizadas en parroquias incluídas parcialmente nestes espazos.

2. En ningún caso serán subvencionables as seguintes actuacións e investimentos:

2.1. As actuacións en parroquias que teñan a consideración de zonas densamente poboadas de conformidade coa metodoloxía común da clasificación do grao de urbanización aplicada polo IGE (Instituto Galego de Estatística).

2.2. As actuacións da liña 2 (liña destinada á execución de actuacións na Rede Natura 2000 e nos Parques Naturais de Galicia) que se leven a cabo nas parroquias que non estean incluídas total ou parcialmente nun Parque Natural ou na Rede Natura 2000, sen prexuízo das maiores restricións no ámbito territorial que se recollen no artigo 4 destas bases, segundo o tipo da persoa beneficiaria.



2.3. Aqueles investimentos materiais que perduran no tempo que xa foron obxecto de financiamento con cargo ao PEPAC 2023-2027 ou ao PDR (Programa de Desenvolvemento Rural) 2014-2020, salvo que transcorresen máis de cinco (5) anos dende o último pago.

2.4. Actuacións correspondentes con inversións recollidas no artigo 73.3. do Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021; como poden ser, entre outras, a compra de dereitos de produción agrícola, investimentos en forestación que non son coherentes cos obxectivos ambientais e climáticos acordados cos principios de xestión forestal sustentable, etc.

2.5. Actuacións de restauración de elementos do patrimonio histórico ou arqueolóxicos catalogados como bens de interese cultural.

2.6. Aquelas actuacións ou actividades que non sexan respectuosas coas finalidades e obxectivos da Rede Natura 2000 e dos instrumentos de planificación dos Parques Naturais e das Reservas da Biosfera, ou que poidan poñer en perigo os valores que xustifican a protección destes espazos segundo as prescricións contidas na normativa comunitaria, estatal e autonómica aplicable a estes espazos.

2.7. As actuacións produtivas realizadas en terreos agrícolas obxecto de subvención a través doutras medidas financiadas polo FEADER.

2.8. A compra e instalación de maquinaria ou equipamentos de segunda man, nin os gastos relativos ao traslado de maquinaria xa existente ata o local ou instalación do proxecto.

2.9. Os investimentos en infraestruturas a gran escala, tal e como están definidas no apartado 4.1.8 do PEPAC.

2.10. A adquisición de terreos ou edificios.

3. Dada a natureza dos investimentos subvencionables, estes débense manter afectados para o fin para o cal se lles concedeu a subvención, como mínimo durante cinco anos dende a data do derradeiro pago.

4. As actuacións obxecto de subvención deberán axustarse á lexislación vixente e, en particular, a persoa interesada deberá contar coas licenzas e autorizacións preceptivas que sexan esixibles polas diferentes administracións públicas competentes e entidades vinculadas ou dependentes delas ao amparo da normativa sectorial que puidese resultar de aplicación. No caso de ser aprobada, a actuación entenderase autorizada no ámbito da DXPN.

Artigo 3. *Financiamento, contía da subvención e distribución do crédito.*

1. As axudas destínanse a actuacións previstas na intervención 6871, inversións non produtivas en servizos básicos no medio natural - subintervención GAL6871_01 – Axudas en espazos naturais, do PEPAC 2023-2027 de España, e están financiadas polo FEADER nun 80 %.

2. A dotación inicial establecerase na convocatoria correspondente e poderase modificar e/ou incrementar con achegas adicionais sen nova convocatoria previa tras a oportuna tramitación orzamentaria en proporción ao número de solicitudes e ás disponibilidades orzamentarias, con cargo ás mesmas aplicacións e nas condicións previstas no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



3. Concederáse o 100% do custo subvencionable, cos importes máximos segundo quede definido na convocatoria correspondente. Só se admitirá unha solicitude de axuda e un único proxecto por persoa física/xurídica solicitante, excepto para as solicitudes ao amparo da liña 1, na que so se admitirá unha solicitude de axuda e un único proxecto por cada reserva da biosfera.

Artigo 4. *Persoas beneficiarias e ámbito territorial.*

Inclúense dúas liñas diferenciadas.

1. Liña 1. Destinada á execución de actuacións en Reservas da Biosfera de Galicia. Poderán ser beneficiarias das axudas para esta liña:

a) As administracións públicas que sexan órganos de xestión das Reservas da Biosfera de Galicia e que desenvolvan a actuación en zonas rurais situadas en calquera das reservas, dentro do ámbito territorial da comunidade autónoma galega.

b) As entidades asociativas que sexan órganos de xestión das Reservas da Biosfera de Galicia, e que desenvolvan a actuación en zonas rurais situadas en calquera das reservas, dentro do ámbito territorial da comunidade autónoma galega.

2. Liña 2. Destinada á execución de actuacións na Rede Natura 2000 e nos Parques Naturais de Galicia. Poderán ser beneficiarias das axudas para esta liña:

a) Os concellos e as entidades locais menores incluídas total ou parcialmente nalgún dos Parques Naturais ou na Rede Natura 2000, que leven a cabo actuacións nestes espazos protexidos ou en zonas limítrofes fóra destes pero localizadas en parroquias incluídas parcialmente nun Parque Natural ou na Rede Natura 2000.

b) As asociacións ambientais sen ánimo de lucro, incluídas aquelas que teñan asinadas acordos de custodia do territorio con persoas físicas ou xurídicas, e as comunidades de montes veciñais en man común, que leven a cabo actuacións nos seguintes espazos:

1º) en terreos incluídos nun Parque Natural;

2º) na Rede Natura 2000 ou en zonas limítrofes fóra desta pero localizadas en parroquias incluídas parcialmente na Rede Natura 2000.

c) As persoas físicas que leven a cabo actuacións nos seguintes espazos:

1º) en terreos incluídos nun Parque Natural;

2º) na Rede Natura 2000 ou en zonas limítrofes fóra desta pero localizadas en parroquias incluídas parcialmente na Rede Natura 2000.

d) As empresas que teñan o seu domicilio fiscal nalgún dos municipios galegos nos que se sitúe un Parque Natural, constituídas con anterioridade á publicación da convocatoria de axudas, que leven a cabo actuacións no parque ou en zonas limítrofes fóra deste pero localizadas en parroquias incluídas parcialmente no Parque Natural. Priorizaranse aquelas con domicilio fiscal dentro do Parque Natural e que sexan propietarias ou arrendatarias das terras para as cales se solicita a axuda.



Artigo 5. *Requisitos das persoas beneficiarias.*

1. As persoas ou entidades beneficiarias deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- b) Posuír personalidade xurídica propia e suficiente capacidade de obrar e non estar inhabilitadas para a obtención de subvención ou axuda pública ou para contratar co Estado, coas comunidades autónomas ou outros entes públicos.
- c) Non incorrer nalguna das circunstancias relacionadas no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- d) No caso das empresas, non ter a consideración de empresas en crise, segundo a definición establecida nas directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise, atoparse en proceso de solicitar a declaración de concurso voluntario, ser declarada insolvente en calquera procedemento ou acharse declarada en concurso.

Artigo 6. *Gastos subvencionables.*

1. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de maneira indubitada, estean relacionados coa actividade obxecto da axuda, sexan necesarios para a súa execución, sexan contraídos durante o período de execución aprobado e estean efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación.

2. Os gastos deberán estar suxeitos a prezos de mercado e a nome da persoa ou entidade beneficiaria.

3. Con carácter xeral, as actuacións para as que se solicita a axuda non poderán estar iniciadas antes de que, unha vez presentada a solicitude, se acredite por parte da DXPN o non inicio das mesmas mediante a realización dunha inspección de campo na que se levantará unha acta de non inicio.

Non precisarán da acta de non inicio a que fai referencia o apartado anterior aquelas actuacións que non teñan natureza de investimento, como inventarios, estudos, campañas de concienciación ambiental e actividades de información e/ou sensibilización.

Nestes supostos, o non inicio das actuacións acreditarase mediante declaración responsable (Anexo VIII) de que as actuacións solicitadas non foron iniciadas antes da presentación da solicitude de axuda.

4. Son subvencionables os custos vinculados ás operacións de investimento, tales como honorarios á asistencia en arquitectura, enxeñería, ao asesoramento en xeral ou sobre a sustentabilidade económica e ambiental, incluídos os estudos de viabilidade.

5. No caso de que a actuación subvencionada se realice con medios propios, poderá incluírse a man de obra e os custos materiais (compra de materiais ou emprego de materiais propios coa correspondente imputación dos custos da súa amortización) e as contribucións en especie.



6. No caso de que a actuación subvencionada se realice mediante contribucións en especie en forma de provisión de obras, bens, servizos, terreos e bens inmoables polos que non se efectuará ningún pago en efectivo documentado con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente, poderán ser subvencionables nas condicións descritas no o artigo 67 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021.

7. Terán a consideración de gastos subvencionables os relativos aos elementos de publicidade requiridos nestas bases.

8. Os seguintes gastos non se consideran subvencionables:

a) O IVE.

b) Os gastos efectuados con anterioridade á data de emisión da acta de non inicio ou da presentación da declaración responsable á que fai referencia o punto 3 deste artigo.

c) Os gastos xerais de constitución, mantemento, funcionamento ou estrutura permanente ou habitual das persoas ou entidades beneficiarias das actuacións.

d) En ningún caso serán subvencionables os gastos que non se axusten aos fins da medida, os non relacionados directamente co servizo público, os non axustados na súa proporción, medida e capacidade ás actividades para desenvolver, o material funxible, os gastos correntes ou as taxas e licenzas administrativas e os impostos ou tributos.

9. As actividades que se van a realizar cumprirán co condicionado establecido no Anexo X.

Artigo 7. *Criterios de valoración.*

As axudas concederanse con base aos criterios de valoración que a continuación se indican, diferenciando entre as dúas liñas recollidas nestas bases.

1. Liña 1. Destinada á execución de actuacións en Reservas da Biosfera de Galicia.

1.1. Segundo a localización xeográfica da actuación:

a) Actuacións en zona núcleo: 15 puntos.

b) Actuacións en zona tampón: 10 puntos.

c) Actuacións en zona de transición: 5 puntos.

1.2. Segundo a actividade obxecto de subvención:

a) Actuacións dirixidas á conservación, restauración e mellora da biodiversidade, especialmente no caso de hábitats, especies e espazos protexidos, así como aquelas actuacións que teñan un impacto favorable na mitigación e/ou adaptación ao cambio climático: 25 puntos.

b) Actuacións de creación e mellora de infraestruturas de xestión e ordenación de usos recreativos, incluíndo investimentos para uso público: 20 puntos.



c) Actuacións dirixidas á conservación e recuperación de elementos históricos, patrimoniais ou culturais representativos ou precisos para o mantemento da paisaxe agraria, cultural ou etnográfica tradicional: 15 puntos.

1.3. Segundo o grao de contribución a evitar o risco de despoboamento e envellecemento da Reserva da Biosfera onde se realiza a actuación e o posicionamento do sector agrario (no caso de actuar no territorio de mais dun concello valórase o máis beneficioso):

1.3.1. Segundo a porcentaxe de superficie do municipio incluído na Rede Natura 2000 (Anexo XII):

- a) Máis do 40 %: 25 puntos.
- b) Entre o 20 % e 40 %: 15 puntos.
- c) Menor ao 20 %: 10 puntos.

1.3.2. Segundo a poboación do municipio (últimos datos publicados do Instituto Galego de Estatística no momento da convocatoria):

- a) Municipios de menos de 5.000 habitantes: 15 puntos.
- b) Municipios entre 5.000 e 10.000 habitantes: 10 puntos.
- c) Municipios de máis de 10.000 habitantes: 5 puntos.

1.3.3. Segundo a porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social no sector agrario das persoas residentes no concello onde se localiza a actuación (últimos datos publicados do Instituto Galego de Estatística no momento da convocatoria):

- a) Maior do 3 %: 15 puntos.
- b) Entre o 1 % e o 3 %: 10 puntos.
- c) Menor do 1 %: 5 puntos.

Os criterios da liña 1 recollidos neste punto aplicaranse a todas as solicitudes das persoas beneficiarias descritas no artigo 4.1 destas bases.

2. Liña 2. Destinada á execución de actuacións na Rede Natura 2000 e nos Parques Naturais de Galicia.

2.1. Segundo a localización xeográfica da actuación en relación ao espazo protexido de Galicia (escollerase a opción máis beneficiosa; a) Parques Naturais ou b) RN2000).

a) En Parque Natural.

i. Actuacións dentro dos límites dun Parque Natural: 60 puntos.

ii. Actuacións nas zonas limítrofes fóra dos Parques Naturais pero localizadas en parroquias incluídas parcialmente dentro destes: 40 puntos.

b) Na Rede Natura 2000.

i. Actuacións na Rede Natura 2000: 30 puntos.



ii. Actuacións nas zonas limítrofes fóra da Rede Natura 2000 pero localizadas en parroquias incluídas parcialmente dentro desta: 20 puntos.

2.2. Segundo o grao de contribución a evitar o risco de despoboamento e envellecemento das áreas protexidas onde se realiza a actuación e o posicionamento do sector agrario (no caso de actuar no territorio de mais dun concello valórase o máis beneficioso):

2.2.1. Segundo a porcentaxe de superficie do municipio incluído na Rede Natura 2000 (Anexo XII):

a) Máis do 40 %: 25 puntos.

b) Entre o 20 % e 40 %: 15 puntos.

c) Menor ao 20 %: 10 puntos.

2.2.2. Segundo a poboación do municipio (últimos datos publicados do Instituto Galego de Estatística no momento da convocatoria):

a) Municipios de menos de 5.000 habitantes: 15 puntos.

b) Municipios entre 5.000 e 10.000 habitantes: 10 puntos.

c) Municipios de máis de 10.000 habitantes: 5 puntos.

2.2.3. Segundo a porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social no sector agrario das persoas residentes no concello onde se localiza a actuación (últimos datos publicados do Instituto Galego de Estatística no momento da convocatoria):

a) Maior do 3 %: 15 puntos.

b) Entre o 1 % e o 3 %: 10 puntos.

c) Menor do 1 %: 5 puntos.

2.3. Segundo a propiedade dos terreos nos que se leva a cabo a actuación: Persoas ou entidades beneficiarias que sexan propietarias ou arrendatarias das terras incluídas dentro dun Parque Natural: 25 puntos.

2.4. Segundo a actividade da persoa solicitante:

2.4.1. Actuacións presentadas por titulares dunha explotación integrada en produción ecolóxica: 20 puntos.

2.4.2. Actuacións presentadas por unha persoa agricultora/gandeira profesional: 15 puntos.

2.5. Segundo as boas prácticas ambientais e de protección e de conservación da paisaxe: Actuacións presentadas por concellos que contén co distintivo "Bandeira verde" no momento da solicitude da axuda: 5 puntos.

Os criterios 2.1 e 2.2 deste punto aplicaranse a todas as solicitudes das persoas beneficiarias descritas no artigo 4.2 destas bases. O criterio 2.3 aplicarase ás solicitudes presentadas polas persoas solicitantes indicadas no artigo 4.2.b), 4.2.c) e 4.2.d). O criterio 2.4 aplicarase segundo proceda ás solicitudes



presentadas polas persoas solicitantes indicadas no artigo 4.2.c) e 4.2.d) e o criterio 2.5 aplicarase unicamente ás solicitudes presentadas polas persoas solicitantes indicadas no artigo 4.2.a).

Artigo 8. *Barefacción e criterios de desempate.*

1. As axudas solicitadas, ben sexa ao amparo da liña 1 ou 2, serán barefadas segundo os criterios de valoración establecidos respectivamente no artigo 7.1 e 7.2 destas bases reguladoras.
2. A puntuación mínima para que unha actuación se considere subvencionable será de 40 puntos.
3. A dispoñibilidade orzamentaria asignada a cada convocatoria limitará o número de expedientes que se vaian aprobar. Neste sentido, ordenaranse os investimentos solicitados de acordo cos criterios de valoración indicados no artigo anterior e aprobaranse estes investimentos de maior a menor puntuación ata esgotar o orzamento dispoñible e, de ser o caso, aplicando as regras de desempate especificadas a continuación:
 - a) A igualdade de puntos, priorizaranse as actuacións localizadas na súa totalidade dentro de Parques Naturais ou de zonas Rede Natura 2000.
 - b) De persistir o empate, priorizaranse aquelas solicitudes con menor orzamento de execución.
 - c) Finalmente, se se segue existindo empate nas valoracións establecidas anteriormente, terán preferencia as primeiras solicitudes recibidas por orde de entrada no rexistro da Xunta de Galicia. Para tal fin, considerarase data de presentación aquela en que a solicitude estea validamente cuberta e acompañada da totalidade dos documentos exixidos nas bases reguladoras e na correspondente convocatoria.

No caso de actuacións levadas a cabo polas persoas solicitantes indicadas no artigo 4.2.d), antes de aplicar o descrito no parágrafo anterior, daráselle preferencia as actuacións presentadas por empresas que teñan un Plan de Igualdade aprobado.

Artigo 9. *Réxime de compatibilidade das subvencións.*

1. As axudas previstas nestas bases serán compatibles con outras subvencións de calquera outra Administración pública para as mesmas finalidades non financiadas con fondos comunitarios, sempre que a suma das subvencións concedidas non supere o importe total dos gastos subvencionables, conforme ao establecido no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Os gastos financiados ao 100% mediante as presentes axudas non poderán financiarse con outras fontes. Igualmente, deberá terse en conta o disposto no artigo 36 do Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello do 2 de decembro de 2021, e o artigo 5 do Real Decreto 1047/2022, do 27 de decembro, polo que se regula o sistema de xestión e control das intervencións do Plan Estratéxico e outras axudas da Política Agrícola Común.

2. As persoas e entidades beneficiarias teñen a obriga de comunicar de inmediato ao órgano concedente calquera subvención, axuda ou ingreso que para a mesma finalidade e de calquera procedencia solicitase ou lle fora concedida ou pagada.



3. Se unha vez resolta a concesión e/ou o pago da axuda se detectase un dobre financiamento, procederase á revogación da concesión e/ou pago, requirindo á persoa ou entidade beneficiaria o reintegro dos importes recibidos.

4. Tanto na solicitude da axuda (Anexo II) como na solicitude de anticipo (Anexo V) e de pagamento (Anexo VI), a persoa ou entidade beneficiaria deberá indicar o detalle doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e da súa procedencia.

Artigo 10. *Subcontratación.*

1. A efectos do disposto no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, permitirase a subcontratación de ata o 100% da actividade obxecto da subvención.

2. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade obxecto da axuda, non acheguen valor engadido ao seu contido.

3. Os/as subcontratistas quedarán obrigados/as só ante o/a beneficiario/a, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade obxecto da axuda fronte á DXPN.

4. As persoas ou entidades beneficiarias serán responsables de que, na execución da actividade obxecto da axuda subcontratada a terceiros, se respecten os límites establecidos en canto á natureza e contía dos gastos financiados.

5. En ningún caso poderá subcontratarse pola beneficiaria a execución parcial das actividades obxecto da axuda con aquelas persoas ou entidades que se atopen nas circunstancias previstas no artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e o artigo 68.2 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

6. No referente á subcontratación con persoas ou entidades vencelladas prevista no artigo 29.7 d) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, será obrigatorio dispor da autorización expresa previa da DXPN.

Artigo 11. *Documentación complementaria.*

1. As persoas ou entidades interesadas deberán achegar coa solicitude (Anexo II) a seguinte documentación:

a) Acreditación da persoa representante que figure na solicitude, por calquera dos medios sinalados no artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e do artigo 32 do Real decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.

b) Memoria técnica das actuacións xustificativa das accións de acordo co establecido no Anexo III e asinada por persoal técnico competente que deberá conter, como mínimo:

1º. Descrición de traballos ou actividades indicando o espazo en que se vai traballar.

2º. Superficie de actuación e os obxectivos ambientais aos que contribuirá a actuación.



3º Planos de localización e de detalle

4º Orzamento detallado e co IVE desagregado.

5º Calendario e prazo aproximado de execución.

6º Relación das autorizacións e permisos necesarios para levar a cabo a actuación.

c) Archivo SIX coa delimitación da superficie prevista de actuación.

d) Autorizacións ou permisos necesarios para levar a cabo a actuación ou, cando menos, a súa solicitude. No caso de ser precisa unha autorización do órgano de conca da demarcación hidrográfica correspondente, autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ou autorización do organismo competente en dominio público marítimo-terrestre, a persoa ou entidade solicitante deberá contar con ela no momento da solicitude da axuda. O feito de non contar coas citadas autorizacións no caso de que sexan de aplicación, sería motivo suficiente para a exclusión do expediente.

2. Deberán presentar, ademais, a seguinte documentación segundo lle sexa de aplicación:

a) No caso de prever actuacións sobre bens inmobles ou terreos de titularidade da persoa solicitante, título de propiedade. Os concellos poderán presentar certificación expedida pola persoa titular da secretaría do Concello relativa á titularidade municipal do ben.

b) No caso de que a persoa solicitante non sexa titular da propiedade onde se teñan previsto executar as actuacións, certificación da persoa titular ou titulares da súa dispoñibilidade e no seu defecto declaración responsable de conformidade e dispoñibilidade dos terreos (Anexo VII). No caso de que o terreo obxecto dos traballos sexa propiedade de varias persoas copropietarias, deberá acreditarse o consentimento de todas elas e a representación da persoa solicitante para realizar a acción obxecto da subvención.

c) No caso de persoas arrendadoras, documento que acredite esa condición.

d) No caso de prever recorrer a medios propios da entidade, presentarse a documentación do proxecto desagregado diferenciando o custo da man de obra que vai usar xunto cos seus previsibles custos materiais. Achegaranse como mínimo, ademais dos datos indicados no Anexo III, a seguinte documentación:

1º. Orzamento completo do proxecto de obra que debe detallar a cantidade total de horas das diferentes categorías profesionais que interveñen na execución de cada unha das distintas unidades de obra do proxecto. O custo horario da man de obra calcularase en base ao custo que supoñen as nóminas das persoas traballadoras coas que vai executar a obra.

Así mesmo, o orzamento fará unha previsión da necesidade de compra de materiais ou emprego dos propios coa correspondente imputación dos custos da súa amortización.

2º. Informe elaborado polo/a técnico/a redactor/a do proxecto no que se describa en que vai consistir tal achega (materias primas, man de obra, bens de equipo...), diferenciando se se trata dunha achega para todo o proxecto ou ben para unidades de obra concretas:

i. Cando a man de obra participe en todo o proxecto, deberase achegar un documento do proxecto denominado "Xustificación de prezos" no que se totalice o número de horas necesarias por categorías para a súa realización e unidades de material empregadas.



ii. Cando a achega en especie prodúzase en unidades de obra concretas, o persoal técnico redactor terá que especificar en cada unha das unidades o número de horas da achega e unidades de material empregadas.

e) No caso de actuacións que non teñan natureza de investimento como as campañas de concienciación ambiental, as actividades de información e/ou sensibilización para a conservación do patrimonio natural, a declaración responsable (Anexo VIII) recollida no artigo 6.3 destas bases que se acredite que as actuacións non foron iniciadas antes da presentación da solicitude de axuda.

f) Para todos os gastos incluídos na solicitude de axuda deberase acreditar a moderación de custos de acordo co establecido no artigo 82 do Real Decreto 1047/2022, do 27 de decembro.

Para iso deberán presentar tres ofertas de provedores ou provedoras diferentes orzando a execución daquelas unidades de obra que se prevexa executar mediante contratación. As ofertas presentadas para cada gasto deberán cumprir os seguintes requisitos:

1º. Os prezos das unidades deben axustarse ao valor de mercado.

2º. Deberán incluír, como mínimo, o NIF, nome e dirección da empresa oferente, o nome ou razón social da persoa solicitante da axuda, a data de expedición e unha descrición detallada dos conceptos ofertados. Para que a descrición dos conceptos considérese detallada deberá incluír, no caso de obra civil e instalacións, a relación pormenorizada, cuantificada e desagregada das unidades de obra que inclúe, no caso de subministración de maquinaria e equipamentos, a súa marca, modelo así como características técnicas, e no caso de prestación de servizos, a descrición detallada destes.

3º. Deberán incluír os mesmos conceptos para ser comparables entre elas dende un punto de vista técnico-económico.

4º. Deberán proceder de empresas que teñan como obxecto social a fabricación ou subministración dos bens ou servizos incluídos na oferta.

5º. Non poderán proceder de empresas vinculadas entre elas, nin coa persoa solicitante, nos termos establecidos na lexislación de contratos do sector público.

6º. Deberán presentarse debidamente seladas e/ou asinadas pola empresa ou representante da empresa ofertante.

Non se considerarán admisibles as ofertas presentadas que non reúnan estes requisitos, o que poderá dar lugar a exclusión como subvencionable do gasto xustificado con esa oferta.

Excepcionalmente, no caso de conceptos subvencionables que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que o fornezan, a moderación de custos poderá xustificarse alternativamente mediante un informe dun taxador, perito ou dun organismo público autorizado no que se determine xustificadamente o seu valor de mercado.

g) No caso de actuacións dirixidas á recuperación de elementos tradicionais da paisaxe rural ou necesarios para o mantemento da paisaxe agraria tradicional como hórreos, milladoiros, cabanas, fontes, alvarizas, muíños, etc. deberá achegarse informe favorable/autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no que se acredite que non se trata dun ben de interese cultural ou catalogado.



h) No caso de concellos, certificación expedida pola persoa titular de secretaría relativa á resolución adoptada polo órgano local competente na cal dispón solicitar a subvención regulada nestas bases e da dispoñibilidade dos terreos.

i) No caso de titulares de explotación integrada en produción ecolóxica, certificación do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA).

j) No caso de comunidades de montes veciñais en man común, certificación do acordo da asemblea xeral conforme se autoriza á xunta reitora para solicitar axudas. Comprobarase de forma interna, na Sección Provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común a posesión dos estatutos en regra, figurando a composición da xunta reitora actualizada conforme aos parámetros da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais mancomunados e do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da devandita lei.

k) No caso de entidades ou asociacións ambientais e de custodia do territorio, acordo da xunta de goberno ou figura similar para solicitar axudas á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

l) No caso de empresas ou autónomos:

1º. Certificado do concello conforme realiza a súa actividade no Parque Natural correspondente, no caso de non estar de alta no IAE.

2º. Acreditación de posuír a sede social nalgún municipio do Parque Natural correspondente.

3º. Acreditación de ser propietarios/as ou arrendatarios/as das terras para as cales se solicita a axuda.

4º. Plan de Igualdade aprobado (Depositado no Rexistro e Depósito de Convenios Colectivos, Acordos Colectivos de Traballo e Plans de Igualdade -REGCON).

3. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola interesada ante calquera administración. Neste caso, a interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán demandados de xeito electrónico a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da interesada. De forma excepcional, se non se puideron obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á súa achega.

4. A documentación complementaria presentarse por vía electrónica, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente do formulario principal, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

6. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños límites establecidos pola sede electrónica ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitírase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.



7. As persoas e entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Artigo 12. *Procedemento e tramitación.*

1. O órgano instrutor das axudas é a Subdirección Xeral de Espazos Naturais da DXPN da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

2. Os expedientes recibidos serán baremados de xeito automático, de acordo aos datos declarados pola persoa ou entidade solicitante, segundo os criterios de baremación recollidos no artigo 7 destas bases. O órgano instrutor levará a cabo a avaliación da documentación presentada xunto coa solicitude e comprobará que a operación cumpre coas obrigas establecidas nestas bases e pola normativa da Unión Europea, a lexislación nacional e a autonómica, entre elas a relativa ás axudas e demais normas e requisitos obrigatorios, en orde estrito de puntuación e aplicación dos criterios de baremación e desempate, ata o esgotamento do crédito dispoñible para cada unha das partidas orzamentarias. Durante a revisión dos expedientes, o órgano instrutor procederá a modificar a puntuación obtida na baremación inicial no caso de detectar erros na declaración de datos realizada pola persoa ou entidade solicitante que poidan modificar a mesma, modificando á súa vez a ordenación dos expedientes obxecto de subvención.

3. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos, o órgano instrutor requirirá á persoa interesada que a emende no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, coa indicación de que, se así non o fixer, terase por desistido da súa solicitude, despois da resolución que deberá ditarse nos termos previstos no citado artigo.

4. No caso de actuacións materiais, a Subdirección Xeral de Espazos Naturais solicitará aos servizos provinciais de Patrimonio Natural das delegacións territoriais da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático un informe complementario, que será remitido no prazo máximo dun (1) mes natural dende a súa solicitude, sobre a adecuación das actuacións e actividades obxecto de solicitude coas directrices establecidas no Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia e/ou os instrumentos de planificación dos Parques Naturais, que non poñen en perigo os valores que motivaron a declaración destes espazos protexidos e xustifican a súa protección, ademais de constituír un uso permitido ou autorizable conforme ao Decreto 37/2014, do 27 de marzo.

5. As solicitudes que non cumpran os requisitos esixidos nestas bases e, de ser o caso, na convocatoria de axudas, na normativa sectorial ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que emita a proposta de resolución de inadmisión ou desistencia na cal se indicarán as causas desta.

6. O órgano instrutor elaborará a proposta de resolución dos expedientes admitidos, ordenados segundo os criterios reflectidos no artigo 7 destas bases ata esgotar o crédito consignado ao efecto, que elevará á persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural a quen corresponderá ditar a resolución do procedemento por delegación da persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.



7. Os servizos provinciais de Patrimonio Natural das delegacións territoriais da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático realizarán as inspeccións *in situ* necesarias para aquelas actuacións con carácter de inversión sobre o terreo, de acordo ao recollido nesta bases.

Artigo 13. *Resolución.*

1. O prazo para resolver será de catro (4) meses desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.
2. Transcorrido o prazo para resolver sen que a persoa interesada recibise comunicación expresa, entenderanse desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo, conforme prevé o artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, sen prexuízo do deber legal de resolver expresamente conforme ao disposto nos artigos 21 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.
3. Na resolución que se dite especificaranse os gastos subvencionables, o importe da subvención concedida, os prazos de execución e as condicións xerais e particulares da subvención. Deberá informar ás persoas e entidades beneficiarias de que a actuación se subvenciona a través do FEADER e se enmarca dentro do PEPAC 2023-2027 de España, na intervención 6871.
4. A resolución motivarase de conformidade co disposto nestas bases e na lexislación vixente en materia de subvencións. Constará, ademais do/da solicitante ou relación de solicitantes aos/ás cales se lles concede a axuda, de maneira expresa e, de ser o caso, a desestimación do resto das solicitudes.
5. A resolución deberá ser notificada ás persoas beneficiarias de forma individualizada, de acordo co previsto nos artigos 40 e 42 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sen prexuízo da publicación no *Diario Oficial de Galicia* das subvencións concedidas, de conformidade co establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 14. *Notificacións e publicacións.*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e



as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e entenderanse rexeitadas cando transcorresen diez (10) días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

6. No prazo máximo de tres (3) meses contados desde a data de resolución da concesión publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas, con indicación da norma reguladora, persoa beneficiaria, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Artigo 15. *Réxime de recursos.*

1. A resolución ditada poñerá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que os ditase ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contenciosa-administrativa, conforme dispoñen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro; non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produciu a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

2. O prazo para a interposición do recurso de reposición será dun (1) mes, se o acto fóra expreso. Transcorrido o devandito prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, no seu caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non fóra expreso, a persoa solicitante e outras posibles persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición en calquera momento para partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, prodúzase o acto presunto.

3. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun (1) mes. Contra a resolución dun recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo o devandito recurso.

4. Poderase interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses se a resolución é expresa.

Artigo 16. *Modificación da resolución de concesión.*

1. Toda alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Poderase acordar a modificación da concesión por instancia da persoa beneficiaria, sempre que se presente a solicitude cunha antelación mínima dous (2) meses ao vencemento do prazo de xustificación



das actividades obxecto de subvención, que nestas axudas coincide co prazo para a súa execución e, así mesmo, se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que a modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das bases reguladoras e non desvirtúe as características do proxecto e as condicións que foron tidas en conta para a resolución da concesión.
- b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiras persoas.
- c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de teren concorrido na concesión inicial, non suporían a denegación da subvención, diminución da súa contía ou minoración da baremación da axuda de xeito que coa nova puntuación non resultase concedida en réxime de concorrencia competitiva.
- d) Que as circunstancias que xustifican a modificación non teñan dependido da vontade da beneficiaria.

3. O incremento dos custes derivados da modificación proposta non suporán un incremento do importe da subvención concedida.

4. A inclusión de novas localizacións para a execución de investimentos requirirá unha nova acta de non inicio sen a que non se poderá iniciar a execución. No caso de novas actividades de divulgación, sensibilización ou estudos, requirirá a presentación dunha nova declaración responsable conforme o Anexo VIII.

5. A solicitude de modificación deberá presentarse ante a Subdirección Xeral de Espazos Naturais nun prazo de quince (15) días naturais dende a aparición das circunstancias que a xustifican. Será esta subdirección a que emita un informe-proposta no que se motive a concesión ou denegación da modificación da resolución de concesión da axuda.

6. Sen necesidade de instar procedemento de modificación da resolución, a DXPN poderá aceptar variacións nas unidades de obra aprobadas, coa condición de que as variacións non superen en conxunto o 15% do orzamento subvencionable, que non aumente o importe total do gasto aprobado e que non desvirtúen as características do proxecto e as condicións que foron tidas en conta para a resolución da concesión.

Artigo 17. Aceptación, anticipo e renuncia.

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, as persoas beneficiarias disporán de dez (10) días hábiles para a súa aceptación desde a notificación desta, ante a Dirección Xeral de Patrimonio Natural; transcorrido este prazo sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

2. A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao disposto no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e solicitarse mediante o modelo establecido no Anexo IV. No caso de que se comunique a renuncia en prazo, a persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1 da mesma lei.



3, Poderase solicitar o abono dun único pago anticipado (Anexo V) de acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 63, 65 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita lei.

4. Os pagamentos anticipados suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo a actuación subvencionada nos casos en que o gasto aínda non estea realizado. Este pagamento quedará suxeito ás seguintes condicións:

a) O anticipo non poderá superar o 50% da axuda concedida, de acordo ao previsto no artigo 44.3 Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello do 2 de decembro de 2021 sobre o financiamento, a xestión e o seguimento da política agrícola común e polo que se derroga o Regulamento (UE) nº 1306/2013.

b) A persoa beneficiaria deberá solicitalo por escrito ante a Dirección Xeral de Patrimonio Natural nun prazo de dez (10) días contados desde o seguinte ao de notificación da resolución de concesión da axuda, no que se deberá indicar o conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para esta mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

5. As persoas beneficiarias dos anticipos deberán acreditar que se atopan ao corrente do pago das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

En todo caso, o pagamento do anticipo quedará supeditado á constitución da garantía correspondente, segundo se establece no artigo 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Coa solicitude de anticipo presentárase resgardo orixinal do depósito da garantía na Caixa Xeral de Depósitos ou modelo 790 de constitución de depósitos e garantías, de ser o caso.

Artigo 18. *Prazo de execución, xustificación e solicitude de pago da subvención.*

1. A execución e xustificación da actuación subvencionada efectuarase nos prazos establecidos en cada convocatoria. Cando concorran causas alleas á vontade da persoa beneficiaria debidamente xustificadas, a dita persoa poderá solicitar unha ampliación do prazo de vencemento, segundo se estableza na convocatoria.

2. A persoa ou entidade beneficiaria deberá solicitar o pago da cantidade pendente non anticipada (Anexo VI), unha vez executada e xustificada a totalidade da actividade correspondente. Só se admitirán aqueles gastos efectivamente realizados e pagados entre a data de emisión da acta de non inicio recollida no artigo 6 destas bases ou, no seu caso, da presentación da declaración responsable recollida nese mesmo artigo, e a data establecida como prazo final de execución e xustificación da actuación subvencionada.

Artigo 19. *Documentación xustificativa e pago.*

1. A xustificación e pago da subvención efectuarase do seguinte modo:

a) Unha vez efectuadas as actuacións, a persoa ou entidade beneficiaria deberá comunicalo mediante o Anexo VI a Subdirección Xeral de Espazos Naturais, achegando a documentación xustificativa descrita no punto 2 deste artigo, segundo lle sexa de aplicación.



b) A Subdirección Xeral de Espazos Naturais deberá certificar, despois da inspección *in situ* levada a cabo polo persoal dos servizos de Patrimonio Natural da provincia de execución, no caso dos investimentos, que as actuacións se realizaron de acordo co recollido nestas bases, na convocatoria e na resolución aprobada.

c) Unha vez xustificadas os gastos e actuacións, e comprobada a execución adecuada nos termos dos artigos 74 e 100 do Real Decreto 1047/2022, do 27 de decembro, así como acreditado o cumprimento do resto de requisitos esixidos, procederase a tramitar a proposta de pago da axuda.

d) A contía da subvención que se pagará calcularase con base no que resulte subvencionable durante os controis administrativos da xustificación e da solicitude de pagamento presentada pola beneficiaria.

No caso de execucións parciais, e coa condición de que non comprometan a finalidade da actividade obxecto da subvención, detraerase da axuda inicialmente concedida a parte proporcional da actuación non executada. A porcentaxe mínima de execución do proxecto non poderá ser inferior ao 60% dos custos da actuación subvencionada. Por outra banda, se executada a totalidade da actuación o custo xustificado da actuación fose inferior ao que figura na resolución de concesión, manterase a axuda pero diminuírase o seu importe axustándoo ao custo xustificado.

e) No marco dos controis administrativos da subvencionabilidade dos gastos, si se atopan discrepancias entre o importe solicitado (Anexo VI) e o importe dos gastos certificados pola Subdirección Xeral de Espazos Naturais, aplicaranse os criterios de redución e exclusión da axuda contemplados nos artigos 21 e 22 destas bases, no artigo 9 da Lei 30/2022, do 23 de decembro, pola que se regulan o sistema de xestión da Política Agrícola Común e outras materias conexas, e nos artigos 50 e 51 do Real Decreto 147/2023, do 28 de febreiro, polo que se establecen as normas para a aplicación de penalizacións nas intervencións contempladas no PEPAC.

A penalización a aplicar calcularase en función dos importes que non resulten subvencionables tras os controis administrativos de cada solicitude de pago. O organismo competente examinará a solicitude de pagamento presentada pola beneficiaria e determinará os importes subvencionables e os que non o son.

Ademais fixará:

a) O importe que pode concederse á persoa ou entidade beneficiaria en función exclusivamente da solicitude de pagamento e a concesión. No caso de que o primeiro sexa superior ao segundo, o importe solicitado axustarase ao límite da concesión.

b) O importe que pode concederse á beneficiaria tras os controis da solicitude de pagamento.

Se o importe establecido en virtude da letra a) supera o importe establecido en virtude da letra b) en máis dun 10 %, aplicarase unha penalización ao importe establecido en virtude da letra b). O importe da penalización será igual á diferenza entre os dous importes citados, pero non irá alén da retirada total da axuda.

Non obstante, non se aplicará ningunha penalización se a beneficiaria pode demostrar que non é responsable da inclusión do importe non subvencionable.

2. Xunto coa presentación da solicitude de pago (Anexo VI), a persoa ou entidade beneficiaria deberá presentar, para os efectos de xustificación da actuación subvencionada:



a) No seu caso, certificación da persoa titular da secretaría do concello conforme a licitación cumpre a normativa comunitaria e nacional en materia de contratación.

b) As facturas no formato legalmente esixible e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa polo importe total do investimento, de conformidade co disposto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na súa normativa de desenvolvemento e na normativa comunitaria aplicable. As facturas farán referencia expresa a orde reguladora da subvención para cuxa xustificación foron presentadas e se o importe xustificado se imputa total ou parcialmente á subvención, indicando, neste último caso, a contía exacta que resulte afectada pola subvención, así como que é cofinanciada co FEADER.

c) No caso de que a entidade beneficiaria realice os traballos con medios propios deberá presentar, coa solicitude de pago, a seguinte documentación:

1º Orzamento completo do proxecto de obra que debe detallar a cantidade total de horas das diferentes categorías profesionais que interveñen na execución de cada unha das distintas unidades de obra do proxecto.

No caso dos custes de persoal deberase acreditar achegando:

i. Un certificado da persoa titular da secretaría do concello no que quede acreditado que o persoal dedicou o número de horas que corresponda á execución do proxecto.

ii. As nóminas correspondentes ao tempo dedicado pola man de obra propia empregada na execución das actuacións, certificando especificamente o emprego da porcentaxe de tempo que as persoas traballadoras dedicaron ao proxecto, así como a documentación acreditativa do pago das nóminas, cargas sociais e retención de IRPF.

iii. Custos materiais: nos casos de compra de materiais, deben achegarse as facturas acreditativas dese gasto e os xustificantes de pago.

iv. Se se utilizan medios materiais propios (maquinaria, materiais, etc.) a entidade beneficiaria debe imputar ao proxecto os custos de amortización deses equipos ou materiais, custos que deben calcularse de conformidade coas normas de contabilidade, debendo achegar a documentación acreditativa do sistema de cálculo utilizado.

2º Informe elaborado polo/a técnico/a redactor/a do proxecto no que se describa en que vai consistir tal achega (materias primas, man de obra, bens de equipo...)

d) No caso de que a actividade subvencionada se realice mediante contribucións en especie en forma de provisión de obras, bens, servizos, terreos e bens inmoables polos que non se efectuará ningún pago en efectivo documentado con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente, poderán ser subvencionables nas condicións descritas no o artigo 67 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021.

e) Ademais, acompañarase dos documentos que aseguren a efectividade do pagamento:

1º. Xustificante bancario do pagamento pola persoa beneficiaria (transferencia bancaria) selado física ou electronicamente pola entidade bancaria ou ben que conteña un código de verificación na sede



electrónica da entidade bancaria ou outro mecanismo que garanta a veracidade do xustificante. Deberá constar a data de pagamento, o número da factura obxecto de pagamento, o concepto facturado, a identidade da persoa que realiza o pagamento, que deberá coincidir coa beneficiaria da axuda, e a identificación do destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.

2º. Efectos mercantís que permitan o pagamento aprazado. Neste caso, achegárase copia do efecto mercantil acompañada da documentación bancaria (extracto da conta da persoa beneficiaria, documento bancario acreditativo do pagamento do efecto, etc.), en que conste claramente que o efecto foi efectivamente cargado na conta da persoa beneficiaria dentro do prazo de xustificación.

f) Memoria técnica xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención coa descrición dos traballos ou actividades realizados, indicando o espazo no que se traballou, a superficie de actuación, os planos de localización e de detalle, a xustificación da vinculación dos gastos á actividade subvencionada, así como imaxes acreditativas do cumprimento das obrigas de publicidade recollidas no artigo 20 destas bases.

No caso de que a elección da oferta non tivera recaído na proposta económica máis vantaxosa, esta memoria deberá recoller a xustificación expresa da dita elección.

g) No caso de non telas presentado con anterioridade, as diferentes licenzas e/ou autorizacións para a realización das actuacións subvencionadas esixibles polas diferentes administracións públicas competentes e entidades vinculadas ou dependentes delas ao amparo da normativa sectorial que puidese resultar de aplicación.

No caso de ser precisa unha autorización do órgano de conca da demarcación hidrográfica correspondente, autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ou autorización do organismo competente en dominio público marítimo-terrestre, a persoa ou entidade solicitante deberá contar con ela no momento da solicitude da axuda. O feito de non contar coas citadas autorizacións no caso de que sexan de aplicación, sería motivo suficiente para a exclusión do expediente.

h) No caso de que o investimento teña como obxecto unha campaña ambiental ou de divulgación, a solicitude de pagamento deberá acompañarse dunha memoria explicativa que conteña, como mínimo, os datos establecidos no Anexo IX. Na dita memoria terase en conta que todas as accións formativas, divulgativas e de sensibilización deberán estar libres de mensaxes que reproduzan estereotipos de xénero.

i) No caso de realizar materiais divulgativos, estes deberán cumprir coas obrigas de publicidade recollidas no artigo 20 destas bases que se acreditarán mediante o envío dunha copia e a incorporación de fotografías á memoria explicativa á que fai referencia o punto 2.h) deste artigo.

j) Como se recolle no artigo 16.6 as persoas beneficiarias poderán contar cunha desviación do 15% entre as partidas orzamentarias xustificadas. Deste xeito, o menor gasto total nunha partida, pode quedar compensado cun maior gasto noutra ata o límite máximo do 15% e sempre que o seu importe o permita.

Artigo 20. *Obrigas das persoas beneficiarias e publicidade.*



Sen prexuízo das demais obrigas que resulten do capítulo III do título preliminar do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as persoas e entidades beneficiarias das subvencións concedidas ao abeiro desta resolución quedan obrigadas a:

1. Reintegrar as cantidades percibidas coa subvención, xunto cos xuros de mora calculados en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pagamento para a beneficiaria indicado na orde de recuperación, que non poderá fixarse en máis de sesenta (60) días, e a data de reembolso ou dedución.
2. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control. A maiores, ao tratarse de axudas cofinanciadas cos fondos do FEADER, as persoas beneficiarias deberán someterse aos específicos controis administrativos sobre o terreo e *a posteriori*, segundo o recollido no capítulo III do Real Decreto 1047/2022, do 27 de decembro.
3. Proporcionar á autoridade de xestión, ás persoas avaliadoras designadas ou a outros organismos en que a dita autoridade delegue a realización deste tipo de tarefas toda a información necesaria para poder realizar o seguimento e a avaliación do programa, en particular en relación co cumprimento de determinados obxectivos e prioridades, de conformidade co disposto no artigo 141 do Regulamento (UE) 2021/2115, do 2 de decembro de 2021.
4. Manter un sistema de contabilidade separado e específico en relación con estas subvencións ou ben un código contable axeitado para todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionables que permita o seguimento dos gastos financiados a través destas subvencións, sen prexuízo das normas de contabilidade de obrigado cumprimento.

Exceptuase desta obriga ás persoas físicas sen actividade económica ou con actividade económica pero sen a obriga de levar unha contabilidade.

5. Todos os investimentos e materiais divulgativos de información e publicidade relacionadas cos fondos FEADER deberán levarse a cabo de acordo co establecido nos anexos II e III do Regulamento 2022/129 da Comisión, do 21 de decembro de 2021. A persoa beneficiaria deberá recoñecer o apoio do FEADER mostrando:

- a) O logotipo da Xunta de Galicia.
 - b) O emblema da Unión Europea e, xunto a el, a declaración «Cofinanciado pola Unión Europea».
 - c) O logotipo xeral oficial do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA).
 - d) Referencia á axuda do FEADER a través do PEPAC, indicando o cofinanciamento pola Unión Europea, a porcentaxe de cofinanciamento e o montante total da axuda.
6. Durante a realización da operación, a persoa ou entidade beneficiaria informará o público da axuda obtida do FEADER, da seguinte forma:

- a) Presentando no sitio web da beneficiaria e/ou contas oficiais en redes sociais para uso profesional no caso de que exista tal sitio, unha breve descrición da operación, en proporción ao nivel de axuda cos seus obxectivos e resultados, e destacando a axuda financeira da Unión Europea.



b) As operacións que reciban unha axuda pública total superior a 10.000 euros e sempre e cando a execución da actividade o permita deberán colocar, polo menos, un panel de tamaño A3 (297x420mm) nun lugar ben visible, preferentemente no acceso ao recinto nos casos das subvencións concedidas para investimentos materiais, que fará referencia clara e inequívoca á axuda concedida con expresión dos datos identificativos destas bases, acompañados polo logotipo oficial da Xunta de Galicia e da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, o logotipo do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e onde destaque a axuda financeira recibida pola Unión (Anexo XI).

7. Ademais, segundo o establecido no artigo 59.4 do Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello do 2 de decembro de 2021, e no artigo 44.1 do Regulamento de execución (UE) 2022/128 da Comisión, do 21 de decembro de 2021, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello sobre os organismos pagadores e outros órganos, a xestión financeira, a liquidación de contas, os controis, as garantías e a transparencia, que sinalan que as persoas beneficiarias facilitarán nas solicitudes de axudas e nas solicitudes de pagamento a información necesaria para a súa identificación incluída, se é o caso, a identificación do grupo no que participen. A dita información deberá conter, como mínimo:

a) Nome da entidade.

b) Número de NIF ou de identificación fiscal.

c) Nome da entidade matriz e número de IVE ou de identificación fiscal.

d) Matriz última e número de IVE ou de identificación fiscal.

e) Filiais e números de IVE ou de identificación fiscal.

8. Cumprir calquera outra obriga que, no seu caso, puidese establecerse na resolución pola que se concede a axuda.

9. Asumir as responsabilidades que poderían derivarse da realización do proxecto ou actividade.

10. Dispor das autorizacións ou licenzas administrativas correspondentes no caso de que sexan necesarias para o desenvolvemento da actividade obxecto da axuda, sendo a única responsable xurídica e financeira da execución do proxecto ou actividade.

11. No caso dos concellos:

a) Cumprir coa normativa da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro.

b) Incluír, sempre que sea posible, criterios ambientais en todos os procedementos de contratación que puidese convocar en calquera fase da realización do proxecto de axuda.

c) Cumprir coa normativa en materia de igualdade e incluír, sempre que sexa posible, criterios para favorecer a igualdade de trato e de oportunidades en todos os procedementos de contratación que puidese convocar a beneficiaria.



Artigo 21. Información e control.

1. A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático poderá, en calquera momento, inspeccionar e controlar o destino das axudas e o cumprimento dos fins para os cales foron concedidas. En consecuencia, os servizos de Patrimonio Natural das Delegacións Territoriais da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático poderán facer visitas e inspeccións nos lugares onde se realizaron as actividades, para comprobar a súa adecuación á normativa vixente, así como solicitar, en calquera momento da tramitación do procedemento, canta documentación considérese necesaria para comprobar a adecuada execución das actividades que foron obxecto das axudas.

En particular, con anterioridade á concesión das axudas e de acordo co artigo 6.3 destas bases, as actuacións con carácter de inversión sobre o terreo deberán ser inspeccionadas polos servizos provinciais de Patrimonio Natural que levantarán acta de non inicio para que conste a evidencia de que non foron iniciadas antes desta inspección, agás no caso de estudos ou inventarios que será levado a cabo mediante declaración responsable (Anexo VIII).

2. A persoa ou entidade beneficiaria comprométese a someterse ás actuacións de control que deba efectuar a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, de acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño. Ademais, a persoa ou entidade beneficiaria comprométese a someterse ás actuacións de control que puidese realizar a IGAE, o FOGGA, a Autoridade de Xestión e o Tribunal de Contas Europeo.

3. Seralle de aplicación ás axudas recollidas nestas bases e non se poderá efectuar ningún pago sen realizar o pertinente control sobre o terreo previsto no Real Decreto 1047/2022, do 27 de decembro.

Cando a beneficiaria da axuda, debidamente notificada para o efecto, realice actuacións tendentes a dilatar, entorpecer ou impedir a execución dun control sobre o terreo, a axuda correspondente será denegada, tal e como se recolle no artigo 9 da Lei 30/2022, do 23 de decembro, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador previsto en materia de axudas da PAC do seu título II.

4. Efectuaranse controis *a posteriori* das operacións de investimento para comprobar que se cumpren os compromisos contemplados no artigo 80 do Real Decreto 1047/2022, do 27 de decembro. Estes controis cubrirán polo menos o 1 % do gasto anual.

5. As persoas beneficiarias das axudas previstas nestas bases teñen o deber de facilitar toda a información que lles sexa requirida, xa sexa a documentación complementaria que os órganos correspondentes da DXPN poidan esixir durante a tramitación do procedemento, ou a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas.

6. O incumprimento das actividades de divulgación e transferencia de resultados previstas nas bases da axuda, con carácter adicional ás obrigatorias que poidan proceder das redes nacional e europea da PAC, suporá a redución dun 10 % do importe correctamente xustificado por cada unha das persoas beneficiarias.



7. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

Artigo 22. Perda do dereito á subvención e reintegro das axudas.

1. Procederá a revogación das axudas concedidas, así como o reintegro total ou parcial das contías percibidas e a esixencia dos xuros de mora, de acordo co establecido no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, nos seguintes casos:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que o impedirían.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto, ou a non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- c) Incumprimento do deber de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos nos artigos 18 e 19 destas bases e na lexislación aplicable en materia de subvencións.
- d) Incumprimento do deber de adoptar as medidas de difusión e publicidade contidas nos artigos 20 e 21 destas bases.
- e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro incluídas nestas bases e no resto da lexislación aplicable en materia de subvencións, así como o incumprimento dos deberes contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos, para a mesma finalidade, procedente de calquera Administración ou ente público ou privado, estatal, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- f) Incumprimento dos deberes impostos ás persoas e entidades beneficiarias, así como dos compromisos por estas asumidos con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que se conseguen os obxectivos, realízase a actividade, execútase o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- g) Incumprimento dos deberes impostos pola Administración ás persoas beneficiarias, así como dos compromisos por estas adquiridos con motivo da concesión da subvención distintos dos anteriores, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, axudas, ingresos ou recursos, para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, estatal, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- h) Adopción, en virtude do establecido nos artigos 107 a 109 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.
- i) Incumprimento de calquera dos deberes da persoa beneficiaria incluídas nestas bases e na normativa que resulta de aplicación e, en especial, á referente á política agraria común.



2. Nestes supostos, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático procederá de acordo co recollido no Real Decreto 147/2023, do 28 de febreiro.

3. En todo caso, o procedemento de reintegro observará as prescricións contidas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 23. *Réxime sancionador.*

Ás persoas beneficiarias seralles de aplicación, nos seus propios termos, o réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, sen prexuízo do disposto no Real Decreto 147/2023, do 28 de febreiro, polo que se establecen as normas para a aplicación de penalizacións nas intervencións contempladas no PEPAC, e se modifican varios reais decretos polos que se regulan distintos aspectos relacionados coa aplicación en España da Política Agrícola Común para o período 2023-2027.

Artigo 24. *Medidas antifraude.*

1. De conformidade co Regulamento (UE) 2021/2116, toda persoa ou entidade que reciba fondos da Unión debe cooperar na protección dos intereses financeiros desta.

2. A aceptación da axuda implica a obriga de asumir a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no ámbito de xestión da entidade, así como de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeitas de fraude no ámbito do FEADER.

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiadas total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco desta convocatoria poderá poñer ditos feitos en coñecemento a través da canle de denuncias da Xunta de Galicia, na seguinte ligazón:
<https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>.

Artigo 25. *Protección de datos.*

De acordo co establecido no artigo 14.1, letra ñ), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as persoas beneficiarias quedan informadas cos datos consignados no modelo normalizado de solicitude dos aspectos básicos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

De conformidade co artigo 99 do Regulamento (UE) 2021/2116, infórmase ás persoas interesadas da publicación dos datos que lles concirnen na lista de operacións seleccionadas para recibir axudas do FEADER segundo o previsto no artigo 49 do Regulamento 2021/1060, e de que ditos datos poderán ser tratados por organismos de auditoría e investigación da Unión e dos Estados membros para protexer os intereses financeiros da Unión Europea.



Artigo 26. *Lexislación de aplicación.*

En todo o non previsto nesta resolución observárase o sinalado na normativa seguinte:

- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia do 10.12.2021.
- Resolución do 29.12.2021 de aprobación dos plans de riscos de xestión e medidas antifraude dos centros directivos e entidades adscritas á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.
- Plan estratéxico da PAC 2023-2027 (PEPAC) de España para a axuda da Unión financiada polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía e o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, aprobado pola Decisión de execución da Comisión C (2022) 6017 final, do 31 de agosto de 2022 e modificado mediante a Decisión de Execución da Comisión C (2025) 5713 final, do 14 de agosto de 2025.
- Lei 30/2022, do 23 de decembro, pola que se regulan o sistema de xestión da Política Agrícola Común e outras materias conexas.
- Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021, polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da política agrícola común (plans estratéxicos da PAC), financiada con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), e polo que se derrogan os regulamentos (UE) 1305/2013 e (UE) 1307/2013.
- Regulamento (UE) 2021/2116, do 2 de decembro de 2021, sobre o financiamento, a xestión e o seguimento da política agrícola común e polo que se derroga o Regulamento (UE) 1306/2013.
- Regulamento de execución (UE) 2022/129 da Comisión, do 21 de decembro de 2021, polo que se establecen normas para os tipos de intervención relativos ás sementes oleaxinosas, ao algodón e aos subprodutos da vinificación en virtude do Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, así como para os requisitos en materia de información, publicidade e visibilidade relacionados coa axuda da Unión e os plans estratéxicos da PAC.



- Real Decreto 1047/2022, do 27 de decembro, polo que se regula o sistema de xestión e control das intervencións do Plan Estratéxico e outras axudas da Política Agrícola Común.
- Real Decreto 147/2023, do 28 de febreiro, polo que se establecen as normas para a aplicación de penalizacións nas intervencións contempladas no Plan Estratéxico da Política Agrícola Común, e modifícanse varios reais decretos polos que se regulan distintos aspectos relacionados coa aplicación en España da Política Agrícola Común para o período 2023-2027.
- Circular de coordinación 37/2023 relativa ao Plan nacional de controis das Intervencións de desenvolvemento rural non establecidas no ámbito do sistema integrado do período 2023/2027 incluídas no Plan Estratéxico da Política Agrícola Común.
- Instrución ARX PEPAC 01/2023 Información, Publicidade e Visibilidade.

